


# I CERTAME Coreografíate



COLABORA:



Deputación  
DA CORUÑA

ORGANIZA:



as.pg  
ASOCIACIÓN  
SOCIO-PEDAGÓXICA  
GALEGA

## BASES

### I.- ORGANIZACIÓN

O Certame Coreografíate da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega.

As coreografías gañadoras daranse a coñecer no enderezo <http://bitaculas.as-pg.gal>

### II.- TEMÁTICA

As coreografías deberán ser realizadas tomando como base un tema musical en galego do xénero que sexa.

No vídeo enviado deberá constar o título e o grupo creador dese tema.

### III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Os vídeos poderán enviarse por wetransfer a [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal) ou en DVD. O formato de exportación debe ser preferentemente .mp4, .mov ou .avi.

No caso de ser en DVD deberán enviarse ou presentarse no enderezo:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega  
Coreografía

Rúa Laracha, 9 baixo - 15010 A Coruña

2. Prazo: os vídeos deberán ser recepcionados na AS-PG antes das 14 horas do 1 de decembro de 2021.

3. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

4. O material enviado ao inscribirse non será devolto.

5. Os vídeos participantes poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.

6. As gravacións nas que aparezan menores de idade, terán que ir acompañadas do permiso dos e das responsables legais de ditas persoas menores de idade.

### IV. CATEGORÍAS

1. Categoría xeral Mellor Coreografía.

2. Categoría Mellor Coreografía Centros de Ensino.

### V. PREMIOS

1. Categoría xeral

- Premio á Mellor Coreografía dotado de 300€.

- 2º Premio dotado con 200 € + Diploma.

2. Categoría Centros de Ensino

- 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 200 € e Diploma.

- 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 150 € + Diploma.

### VI. INSCRICIÓN

Os/As participantes deberán enviar a seguinte documentación:

\* Ficha de inscrición con todos os campos cubertos. No caso de presentar máis dunha coreografía deberán enviar tantas fichas como obras.

\* Na Categoría Xeral -----

\* Na Categoría Centros de ensino, fotocopia do DNI do director ou directora do centro.

\* Ficha de inscrición web <http://bitaculas.as-pg.gal/wp-content/uploads/2021/10/fichacoreografiate.pdf>

entrada Curtas

\* Poderá ser enviada por correo electrónico a [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal) ou a Asociación Socio-Pedagóxica Galega Coreografíate

Rúa Laracha, 9 baixo - 15010 A Coruña

### VII. XURADO

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que designará os traballos gañadores.

Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación.

O ditame do xurado é inapelable.

### IX. RESPONSABILIDADE

A persoa representante da coreografía será a única responsable legal da mesma.

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.